

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dezaioito de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1545).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1546).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DO APLICATIVO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 7159/113.

Dáse conta do informe-proposta do 18.12.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 18 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

7.- Propostas de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos. Exped 7159-113

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 12-12-2014, 16-12-2014, 17-12-2014 e 18-12-2014 e dos informes do xefe adxunto do servizo de Administración Electrónica de 15-12-2014 e 17-12-2014, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos. Exped 7159-113), no seguinte orde decrecente:

1.- Aula Informática de Galicia, S.L. 65 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Aula Informática de Galicia, S.L. ., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 612,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1547).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I. EXPTE. 2675/440.

Dáse conta do informe-proposta do 18.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (expediente 2675-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 16-12-2014, 17-12-2014 e 18-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 17-12-2014, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (expediente 2675-440), no seguinte orde decrecente:

1	CIVISGLOBAL, S.L.	89,43
2	ORESA, S.L.	86,92
3	CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L.	85,90
4	UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS SAU	84,97
5	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	84,89
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	84,33
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	82,13
8	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	81,91
9	DESMACO, S.L.	81,83
10	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, A.L.	77,98
11	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS , S.L.	76,76
12	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	75,48
13	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	74,14
14	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	73,80
15	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	71,12
16	ORECO, S.A.	70,28
17	EXTRACO, S.A.	68,23
18	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	60,87
19	HORDESCON, S.L.	50,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1548).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO FASE 1. EXPTE. 2676/440.

Dáse conta do informe-proposta do 18.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase 1 (expediente 2676-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 16-12-2014, 17-12-2014 e 18-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 E 17-12-2014, POR UNANIMIDADE DOS ASISTENTES, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase 1 (expediente 2676-440)” (expediente 2591-440), no seguinte orde decrecente:

1	ORESAS, S.L.	95,36
2	PETROLAM A VEIGA, S.L.	91,64
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,49
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	86,85
5	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.	85,77
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,79
7	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	83,30
8	CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L.	82,82
9	DESMACO, S.L.	82,67
10	ORECO, S.A.	81,62
11	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	80,67
12	SERGONSA SERVICIOS S.L.	80,45
13	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	80,35

14	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,63
15	PRACE OBRAS Y SERVICIOS, S.A.	74,27
16	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	68,89
17	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS , S.L.	68,86
18	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	62,23
19	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	56,65
20	HORDESCON, S.L.	54,09
21	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	52,43

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1549).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.14, dáse conta do informe-proposta do 17.12.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 17 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

6.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

4.- **CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA REFORMA NA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- *Propostas de clasificación.*

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis. (expediente 13429-333).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 dos informes do xefe de Área de Fomento e o director deportivo do IMD 01-12—2014 e o informe director deportivo do IMD de 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333), no seguinte orde decrecente:

1.- *Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. 96,50 puntos.*

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar*

desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 672,66 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 4 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 16 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 17 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333) por un prezo de 154.873,95 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1550).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. EXPTE. 2486/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.14, dáse conta do informe-proposta do 15.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, acorda aproba-lo “Proxecto revisado para a execución das obras de construción dunha escola infantil en Navia” (Expte: 2084/440) en data 11 de outubro de 2013.

O 27 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de construción dunha escola infantil en Navia (Expte: 2107/440) á empresa ORECO S.A., por un importe de 605.246,10 € (IVE incluído).

Asínase acta de comprobación de replanteo autorizando o comezo da obra, computándose o prazo de execución dende o día seguinte a esa data en data 3 de marzo de 2014.

Nas FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP contéplase a posibilidade de modifica-lo contrato nas unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estruturas e redes de servizos. As circunstancias que determinan a modificación baséanse no caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións ou redes soterradas ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas en proxecto.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 13 de xuño de 2014, acorda autoriza-la redacción do proxecto modificado.

XUSTIFICACIÓN:

O presente Proxecto Modificado nº 1 pretende describir de forma detallada tanto os cambios producidos para adaptar o Proxecto vixente á realidade existente, así como as esixencias de definición establecidas dende a Dirección Facultativa.

As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto que se definen a continuación:

a.- Proposta de modificación do proxecto en relación a aparición no subsolo de condicións de cimentación diferentes das previstas (Artigo 15 das FEC).

En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado b) indícase que os aspectos con posible modificación son as unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estruturas e redes de servizos. No apartado c), sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla o caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións ou redes soterradas ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.

Unha vez executada a excavación para a execución da cimentación prevista en proxecto comprobouse a existencia de estratos de terreo cunhas características resistentes mais desfavorables ás previstas na redacción do proxecto de execución, nas que se plantexaba a construción dunha cimentación con zapatas ailladas sen vigas de atado.

Atendendo ás características do solo e á comprobación "in situ" dos sustratos resistentes existentes unha vez executada a excavación considérase necesario mellora-las condicións da cimentación e executa-lo arriostramento completo da totalidade das zapatas con vigas de atado de tal xeito que funcionen conxuntamente ante os previsibles asentos diferenciais que poidan producirse polas deficientes condicións do terreo en determinadas zonas da parcela.

As condicións do solo afectan tamén á estrutura de forxado de solo de planta baixa. No proxecto de execución plantéxase unha estrutura mixta no nivel de solo de planta baixa, combinando unha zona perimetral de lousa maciza de formigón armado sobre esteos e unha zona central resolta cunha soleira asentada directamente sobre un recheo de terra cunha profundidade aproximada de 3'50 m. Ás diferencias de rixidez dos sistemas constructivos que forman o solo da escola infantil (lousa maciza de formigón armado e soleira sobre un recheo de terra de 3'50 m de profundidade) conlevará a existencia de asentamentos diversos de cada un dos sistemas constructivos. Tendo en conta a realidade do terreo e a posibilidade manifesta de que se produzan asentos diferenciais non desexables, e atendendo á previsión de instalación dun sistema de quecemento de solo radiante con conducións de auga nese nivel de solo que obriga a minimiza-la existencia de movementos da estrutura, consideramos necesario executa-la estrutura de solo de planta baixa cun único sistema constructivo baseado na execución dunha lousa de formigón armado. Deste xeito garántese o comportamento homoxéneo da estrutura do edificio, minimízase a existencia de asentos difenciais e garántese a estabilidade do soporte do solo radiante.

Atendendo ao apartado 15.b sobre os aspectos a modificar, recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra relacionados coa cimentación, estruturas e redes de servizos. E en relación a este ámbito das unidades de obras, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Presuposto do Proxecto; Atendendo a circunstancia xustificativa para a modificación do contrato recollida no apartado 15.c das FEC "aparición no subsolo de condicións condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto".

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN COA CIMENTACIÓN, ESTRUCTURAS E REDES DE SERVIZOS.

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación :

Cap 1. Movemento de terras.

Prodúcese unha variación nas medicións do movemento de terras pola necesidade de replantexa-la cimentación de proxecto

Cap 2. Cimentación.

Existen variacións neste capítulo pola modificación do sistema de cimentación para adaptarse ás condicións reais do solo. Aparece unha nova partida neste capítulo correspondente ás “vigas de atado da cimentación”.

Cap 3. Estructura.

As variacións neste capítulo responden á necesidade de adapta-la estrutura do edificio ás novas condicións resistentes do solo. Existe neste capítulo dúas novas partidas correspondentes ó “forxado de lousa maciza horizontal” e de “soporte circular de formigón armado”.

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificación contempladas no apartado 15.b das FEC, procede a xustificación da variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, de acordo coas limitación establecidas no Prego de Clausulas Administrativas Particulares do Contrato. No apartado 15d das FEC, Límites da modificación, sinala a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o precio do contrato.

Tal e como se comproba na táboa 1 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas polas variacións das condicións de cimentación, dan un resultado do -7,03% inferior ao 20% permitido.

TÁBOA 1

Excesos medicions Capítulos 1, 2 e 3	30.607,80 €	6,14%
Unidades novas Capítulos 1, 2 e 3	-37.503,15 €	-7,52%
Defectos medición	-28.145,06 €	-5,65%
	SUMA	-7,03%

b.- Proposta de modificación do proxecto en relación á carpintería exterior (Artigo 107 do TRLCSP).

As dimensións dos paramentos acristalados a instalar na práctica totalidade das fachadas do edificio obrigan a executalos con perfil de muro cortina para acada-la resistencia esixible ós empuxes horizontais e succións do vento. No proxecto adxudicado non se tiña contemplada a execución desta partida con perfilería de muro cortina polo que precisamos da súa modificación.

Atendendo ó indicado no Artigo 107 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, “Modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación”, consideramos que se xustifica a necesidade de modifica-los aspectos indicados atendendo ó primeiro puntos do devandito artigo:

“a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.”

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO SISTEMA CONSTRUCTIVO DA CARPINTERÍA EXTERIOR.

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación :

Cap 8. Carpinterías e Cerraxería.

Prodúcese unha variación nas medicións deste capítulo pola modificación do sistema constructivo da carpintería exterior, incorporando unha nova partida "Muro Cortina carpintería de aluminio".

Tal e como se comproba na táboa 2 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas pola modificación do sistema de construción da carpintería exterior, dan un resultado do -0,15% inferior ao 10% permitido.

TABOA 2

Excesos medicións art. 107.a	48.957,28 €	9,82%
Unidades novas art. 107.a	-42.017,28 €	-8,43%
Defectos medicións art. 107.a	-7.680,09 €	-1,54%
	SUMA	-0,15%

En consecuencia, a redacción do Proxecto Modificado nº 1 sen incremento económico ten por obxecto recolle-las modificacións de proxecto que se derivan dos axustes de cimentación, estrutura e carpintería de aluminio, procedendo tamén a revisa-las medicións doutras partes de obra axustándoas ás previsións reais.

c.- Revisión das medicións de obra axustándoas ás previsións reais de execución.

Contéplase no proxecto modificado a revisión das medicións das diversas partidas do proxecto de execución co obxecto de axustalas á realidade constructiva da obra. Non existen partidas novas nestes capítulos de obra. Somentes se contempla a medición real das partidas a executar segundo o que se contempla na seguinte taboa:

TABOA 3

Defectos medición Capítulo 4 albanelería	0,00	-0,55%
Defectos medición Capítulo 6 Revestimentos	0,00	-0,05%
Excesos medición Capítulo 9 Falsos teitos	10.434,04 €	2,09%
Excesos medición Capítulo 11 Equipamento	8.254,42 €	1,65%
Excesos medición Subcapítulo 12.02 Pluviais	9.093,40 €	1,82%
Excesos medición Subcapítulo 13.01 Electr.	150,56 €	0,03%
Excesos medición Subcapítulo 13.02 Ilum.	5.706,24 €	1,14%
Defectos medición Subcapítulo 14.01 Incendios	-161,64 €	-0,03%
Excesos medición Capítulo 17 Urbanización	5.355,40 €	1,08%

	SUMA	7,18%

PRAZO DE EXECUCIÓN:

A realización das obras recollidas neste Proxecto Modificado nº 1 sen incremento económico conleva un incremento do prazo de execución da obra. O prazo previsto na adxudicación era de sete meses polo que a data prevista para o remate dos traballos sería o 3 de outubro de 2014. No acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 no que se acordou autoriza-la redacción do proxecto modificado tamén se resolveu “autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto”. En consecuencia, o prazo total da obra incrementarase dous meses e medio.

ORZAMENTO:

– Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos dos prezos descompostos.

– Todo iso non provoca variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 605.246,10 € (IVE incluído), quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ó presente proxecto Modificado nº 1, sen importe adicional.

Polo que á vista do anteriormente exposto e tendo en conta o informe dos directores facultativos da obra de data 2 de decembro pasado e o informe do xefe da oficina de supervisión de proxectos da mesma fata, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1. Aprobar o proxecto “MODIFICADO Nº 1, DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA”, redactado por Vilar Montoro Ingeniería sen importe adicional e cun incremento no prazo de execución de 2,5 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1551).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I. EXPTE. 2686/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.12.14, e o informe de fiscalización do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

PROPOSTA DE MODIFICADO Nº 1, DAS OBRAS DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I", SEN IMPORTE ADICIONAL.

1.- ANTECEDENTES:

En data 18 de outubro de 2013 a Xunta de Goberno Local, acorda a aprobación do proxecto citado. A mesma Xunta de Goberno en data 6 de novembro de 2013, acorda declarar a urxencia na tramitación do expediente, aprobar os pregos e autorizar o gasto.

En data 27 de decembro de 2013 e por Acordo da Xunta de Goberno Local adxudicase a obra á empresa CIVISGLOBAL, S.L., por un importe de 402.491,98 €. Expte. 2126/440.

Formálizase o contrato de obra en data 30 de decembro de 2013.

Fírmase o Acta de Comprobación de Replanteo en data 14 de xaneiro de 2014, suspendendo temporalmente o inicio da execución do proxecto, mentres non é aprobado o Plan de Seguridade e Saúde. Expte. 2421/443.

En data 14 de marzo de 2014 a Xunta de Goberno Local, aproba o Plan de Seguridade e Saúde. Expte. 2525/443.

Asínase o anexo á Acta de Comprobación de Replanteo, o 22 de abril de 2014 autorizando o comezo da obra, unha vez superada a causa que impediu temporalmente o inicio. Computándose o prazo de execución dende o día seguinte a esa data.

Prazo contractual de execución: 5 meses.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014 acorda autorizar a redacción do proxecto Modificado nº 1 que se presenta e aplicar unha moratoria ao prazo de execución da obra ata a data que finalmente se aprobe o Modificado nº 1 das obras de referencia.

O 16 de setembro de 2014 a entidade redactora do proxecto informa que nos se realizan obxeccións a tramitación do modificado.

2.- XUSTIFICACIÓN:

O presente Proxecto Modificado nº 1 pretende describir de forma detallada tanto os cambios producidos para adaptar o Proxecto vixente á realidade existente, así como as esixencias de definición establecidas dende a Dirección Facultativa.

As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto que se definen a continuación:

a.- Proposta de modificación do proxecto en relación a aparición no subsolo de construción ou redes soterradas.

En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado c) sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla a aparición no subsolo de construcións ou redes soterradas.

Tal é o caso da obra, onde encontrouse parte da cimentación do edificio Simeón invadindo o subsolo da rúa Segunda República. Feito que non se pode ver a nivel do proxecto porque non é práctica habitual que as construcións privadas se saian dos seus límites de parcela e invadan a propiedade Municipal, detectándose só en fase de obra. Por outro lado, coa obra non modificouse o ancho da rúa. Observándose ademais *in situ*, que éste non foi alterado con anterioridade desde a construción do edificio.

Atendendo ao apartado 15.b sobre os aspectos a modificar, recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra relacionados coa cimentación, estruturas e redes de servizos. E en relación a este ámbito das unidades de obras, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Presuposto do Proxecto; Atendendo a circunstancia xustificativa para a modificación do contrato recollida no apartado 15.c das FEC "aparición no subsolo de construcións ou redes soterradas".

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN COA CIMENTACIÓN, ESTRUCTURAS E REDES DE SERVIZOS.

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación :

Cap 1. Movimiento de tierras.

Prodúcese un exceso de medición na demolición de firmes debido a necesidade de variar a traza de algúns servizos por encontrarse a cimentación do edificio Simeón.

Cap 2. Estructuras.

Analízase no apartado b.- Proposta para a modificación do contrato por actuacións non previstas no PCAP, de este informe.

Cap 3. Pavimentacions e Firmes.

Debido a encontrarse a cimentación do edificio Simeón, faise necesario o desvío de varios servizos e a reubicación do cadro de medida de maneira que aumentan en xeral as unidades de pavimentación, incorporando unha unidade nova, m2 de chapacuña por verse afectado polo desvío, o tramo de escaleira que tiña este material existente, e houbo que repor para acometer os desvíos.

Cap 4. Escaleiras mecánicas.

O propio cableado das escaleiras así como as súas correspondentes arquetas tiveron que ser modificados debido ao espazo real dispoñible debido a redución provocada pola cimentación do edificio Simeón. Son necesarias dúas unidades novas: ud arqueta prefabricada tapa rellenable de 60x60 e ml cableado en escaleiras para axustarse as novas esixencias.

Cap 5. Saneamento.

Producese unha diminución do importe das seguintes unidades debido á substitución dos pozos de resalto por arquetas, ante á falta de espazo ao encontrarse no subsolo da rúa a cimentación. As novas unidades de obra son:

- ud arqueta sifónica prefabricada.
- ml tubería pvc din 200 mm.
- ml tubería pvc din 160 mm.

Cap 6. Abastecemento.

Aumento de movemento de terras pola aparición dunha rede de abastecemento soterrada rota. E necesario o lixeiro aumento de movementos de terra para solventar o entronque da rede nova coa xa existente. O aumento incide

ml zanxa tipo z4 0,6x1,00.

Ademáis hubo que aumentar os ml de tubería e as arquetas para solventar este problema.

Cap 7. Electricidade.

E necesario realizar un cambio na sección do prisma que diminua a lonxitude da canalización e conleva o cambio do cadro de mando por un de medida, coa súa correspondente caseta de protección, debido a que non se pode colocar no seu sitio por falta de espazo ocasionado pola cimentación do edificio Simeón. O que supón dispor das seguintes unidades novas:

ud cadro de medida e forza.

ud caseta, para ubicación de cadros de escaleiras e medida.

ml subministro tubería de diámetro 63 mm.

Cap 8. Telefónica.

O aumento en algunhas unidades neste capítulo débense a que tiveron que desviarse os cables e facer novas arquetas nos desvíos, para evitar a cimentación do edificio Simeón.

Cap 9. Iluminación e Cap 10. Mobiliario Urbano.

Do mesmo xeito que no capítulo 2. Estructuras, analízanse estes dous capítulos no apartado b.- Proposta para a modificación do contrato por actuacións non previstas no PCAP, de este informe.

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15.b das FEC, procede a xustificación da variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, de acordo coas limitacións establecidas no Prego de Clausulas Administrativas Particulares do Contrato. No apartado 15d das FEC, Límites da modificación, sinala a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

Tal e como se comproba na táboa 1 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas polas redes de servizos a dispoñer, xunto coa diminución de medición debida á falta de espazo, provocada pola aparición da cimentación do edificio Simeón dan un resultado do 2,80% inferior ao 20% permitido.

TÁBOA 1

Excesos medicións redes servizos	11.841,13 €	2,94 %
Unidades novas redes servizos	32.503,13 €	8,08 %
Defectos medición	-33.089,77 €	- 8,22 %
SUMA		2,80 %

b.- Proposta para a modificación do contrato por actuacións non previstas no PCAP.

Con posteriormente á adxudicación do contrato de obra "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I". O concello de Vigo aproba a licitación dun novo proxecto que contempla no seu obxecto a " cubrición das escaleiras mecánicas na rúa Segunda República, polo que xorde a necesidade de modificar lixeiramente as

características dos elementos de protección previstos, as redes de servizos proxectadas e as dimensións dos muros, de modo que se adapten á nova infraestrutura que se vai executar, evitando a posterior demolición de elementos recién construídos, atendendo a criterios de economía e eficiencia.

Con todo, hai que sinalar que, a obra que recolle o PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I é obra completa conforme ao "Art. 127.2 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas" susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a súa utilización. A cubrición das escaleiras é un proxecto posterior que engade un valor estético e ampara aos usuarios das escaleiras mecánicas os días de choiva, pero non necesario para o correcto funcionamento das mesmas.

As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación a necesidade de axustarse na execución desta obra as condicións técnicas que define o desenvolvemento do novo proxecto en licitación que contempla no seu obxecto a "cubrición das escaleiras mecánicas na rúa Segunda República, o cal determina causas obxectivas que indican a falta de idoneidade de especificacións técnicas do actual proxecto, ante novas condicións técnicas que se poñen de manifesto con posterioridade á adxudicación do actual contrato, aspectos que teñen un carácter similar os contemplados no apartado b) artigo 107 do TRLCSP. Por outro lado, as actuacións da posterior cubrición das escaleiras como actuación susceptible de ser executada con total independencia da actual, manifesta un certo grao de imprevisión sobre esta opción, xa que por un lado dita actuación non estaba prevista no momento da redacción do proxecto inicial de instalacións das escaleiras, pero poder ser valorado como unha necesidade a ter en conta. Polo exposto, a xustificación desta modificación do proxecto contratado, atopase vinculado a unha nova especificación técnica aprobada con posterioridade a obra adxudicada, o tempo que tamén adolece dunha omisión técnica do proxecto por unha imprevisión dun factor que posiblmente sería plantexado no tempo, cuestión axeitado o apartado a) do artigo 107 do TRLCSP. En calquera dos casos a actual proposta de modificación enténdese xustificada xa que a mesma de maneira global responde a unha actuación de interese público en relación a mellorar o servizo que prestará dita actuación e por outro lado debemos atender que esta proposta de modificación non altera as condicións esenciais do contrato de acordo co estipulado no artigo 107.3 do TRLCSP e de maneira especial as modificacións previstas de conocerse previamente no procedemento de licitación non hubieran provocado outros condicionantes que provocaran a concurrencia doutros interesados e tampouco provocaría unha modificación sustancial das ofertas formuladas no proceso de adxudicación do actual contrato que se pretende modificar.

As modificacións que afectan aos elementos de protección previstos, as redes de servizos proxectados e as dimensións dos muros, de modo que se adapten á nova infraestrutura que se vai executar, afectan os capítulos 2. Estructuras, 9. Iluminación e 10. Mobiliario Urbano tal e como pode verse na táboa RESUME DO PRESUPOSTO. As razóns se explican a continuación por capítulo:

Cap 2. Estructuras.

E necesaria o aumento de algunhas unidades de obra como pode verse na táboa Resume do Presuposto é a redución lixeira de de outras para axustar os muros a futura cubrición.

Cap 9. Iluminación.

Debido a cubrición faise necesario modificar a ubicación dos puntos de luz para evitar a creación de zonas en sombra provocada pola mesma.

Propónse o aumento do número de luminarias, cambiando nestas os haloxenuros por leds para adaptarse mellorar a eficiencia lumínica e enerxética. Tamén propónse colocar proxectores empotrados para conseguir maior luminosidade na desembocadura da escaleira ca futura cuberta, na zona alta. As unidades novas a incorporar son:

- ml subministro colocación de dobre tubería pp 110 mm.
- ud cambio de luminaria de haloxenuro por led.
- ud proxector empotrado.

Cap 10. Mobiliario Urbano.

Neste capítulo prodúcense só aforros debidos a que, a colocación da futura cuberta no lugar donde van os dispositivos de protección como son as barandillas e os antitoboganes, para evitar a posterior demolición de elementos recién construídos.

TABOA 2

Excesos medicións art. 107.b	2.898,48 €	0,72 %
Defectos medicións art. 107.b	-14.152,97 €	-3,52 %
	SUMA	-2,80 %

TOTAL: 0,72%- 3,52% = -2,80 % < 10% (Art. 107 TRLCSP).

Por último, cabe apuntar que no Cap 11.Varios, hai un aforro na partida de imprevistos, tal e como se observa na táboa Resume do Presuposto.

CONCLUSIÓNS.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público e que as mesas se atopan contempladas nos ámbitos do definido nao apartado 15.b das FEC e aquelas non contempladas neste apartado se axustan o artigo 107 a) e b) do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexon a contratación das obras de MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser CERO porque o importe do contrato mantense no mesmo prezo que a adxudicación. Tal e como se comproba na Táboa 3:

TABOA 3

	EXCESO MEDICIÓN (%)	DEFECTOS MEDICIÓN (%)	TOTAL
Modificacións de acordo o Art. 107 do TRLCSP	0,72	-3,52	-2,80<10 %
Modificación de acordo o recollido no apartado 15. d das FEC	+2,94 (ud.novas) + 8,08	-8,22	+2,80<20 %
SUMA	11,74	-11,74	

DIFERENCIA EXCESOS TOTALES – DEFECTOS TOTALES =	0,00
---	------

Polo que, tendo en conta o informe dos directores facultativos da obra de data 4 de decembro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

- 1.- Aprobar o proxecto “Modificado nº 1 das obras de Mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, Fase 1”, sen importe adicional sobre o proxecto inicial.*
- 2.- Acordar a modificación do contrato de obra adxudicado á mercantil CIVISGLOBAL, S.L. en sesión da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2013 por importe de 402.491,98 €, e que ten por obxecto a “Mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, Fase 1”.*
- 3.- Notificar o presente acordo á mercantil CIVISGLOBAL, S.L. contratista adxudicataria das obras ao obxecto de que proceda á formalización da modificación contractual acordada.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.